

## Un viaxeiro chamado Valentín Paz-Andrade

DIARIOS DE VIAJE. LOS ITINERARIOS INÉDITOS DE AMÉRICA, 1952-1955


VALENTÍN PAZ-ANDRADE

Alvarellos | 2013 | 180 páxinas

Valentín Paz-Andrade foi a figura escollida no ano 2012 para conmemorar o Día das Letras Galegas: un loitador incansable que se ocupou de servir a Galicia desde todos os campos que abarcou o seu saber e o seu facer. Xornalista, home de leis e político, empresario e economista especializado no mundo da pesca, foi tamén autor de eruditos ensaios e biografías, e de variados textos de creación literaria.

Grazas á efeméride do ano 2012 contamos con diversos traballos sobre a súa vida e a súa obra, en certos aspectos moi descoñecida, coa reedición dalgúns dos seus libros editados en América e difíciles de atopar en Galicia e, sobre todo, achegámonos á súa abondosa obra, nomeadamente parte da que aínda tiña inédita o noso prolífico autor.

Este é o caso do libro que vén de publicar Alvarellos Editora na súa "Colección Rescate": os *Diarios* das súas viaxes a América na década dos anos cincuenta do pasado século e que levaban case sesenta anos durmindo nun caixón do seu arquivo en Vigo.



Outra contribución impagable do editor Henrique Alvarellos, que consolida así a súa vocación de recuperar documentos para a memoria de Galicia.

Esta fermosa edición dos *Diarios*, prologada por Ramón Villares, conta cunha introdución e notas de Emilia García López, descubridora, editora dos textos e boa coñecedora da obra de Paz-Andrade. Complétase a edición con fotos, postais e recortes de prensa da época gardados polo autor entre as follas do seus *Diarios*.

Xa tiñamos noticia das actividades de Paz-Andrade como experto da FAO en América Latina. A instancias do seu amigo Osorio-Tafall fora designado por esta organización das Nacións Unidas como técnico especialista en economía pesqueira para participar en misións de asesoramento e para impartir cursos e seminarios. O primeiro na Universidade de Valparaíso, Chile, en 1952. A finais de 1954 pasará dous meses en México para participar no "II Curso Latinoamericano de Capacitación Pesqueira", e no ano 1955 volve ser requirido pola FAO para impartir outro curso en Bogotá sobre "Organización xurídica das pesquerías en Colombia". Estas viaxes serán a orixe dos textos que conforman este libro.

Os *Diarios*, estruturados en cinco apartados, foron preparados pola editora partindo de diferentes textos que ían aparecendo ao ordenar e dixitali-

zar parte do inxente arquivo persoal de Paz-Andrade. Nun principio, notas breves que, reunidas e organizadas, conforman un relato dunha "riqueza e interese acordes coa envergadura intelectual do autor".

O primeiro apartado, titulado "Por la ribera del aire. Itinerario americano: Nueva York", consta de doce textos escritos en 1954 nos que relata a viaxe en avión e a estancia na cidade, e dos que habería que subliñar a orixinalidade da "perspectiva aérea" que ofrece o autor.

No segundo apartado, "Itinerario de Ultramar: México", sabemos do percorrido por algúns lugares de México que impresionaron fundamentalmente a Paz-Andrade, quen anos despois recoñecería: "De tan deslumbrante país sempre experimentei certo feitozo, ou si se quer... un engaiolante amorío". Páztcuaro, Guanajuato, Jalisco... son algúns dos lugares que visitou, aos que dedica relatos cheos de lirismo nos que domina a descrición das paisaxes, mais tamén das xentes que vai atopando.

Do terceiro apartado, "Periplo del Pacífico tropical", ao que corresponden textos escritos en 1955 durante a súa longa estadía en Colombia, xa tiñamos algunha noticia por unha carta daquela época dirixida ao seu amigo Carlos Maside: "Fixen un cruceiro polo Pacífico. Algún día, se tes pacencia, poderás ler o relato deste periplo". Os dous apartados finais, moito máis breves, corresponden a voos a Santiago de Chile e Brasil nesos anos.

En todos os relatos destaca a curiosidade e a capacidade analítica do viaxeiro, quen sempre se achega a outras culturas tendo a Galicia como referente. Grazas ao magnífico traballo de recuperación e edición levado a cabo por Emilia García, temos a oportunidade de descubrir con este libro un novo perfil da poliédrica figura de Paz-Andrade. Ficamos con ganas de ler máis, de seguir descubriendo aquelas terras americanas cos ollos e a sensibilidade dun escritor que aínda ten moito que ofrecernos

■ Charo Portela Yáñez